

POS+SOLICITUDE - Obrigatoria - Anexos I- II (XI)	Deberán cubrirse obrigatoriamente os seguintes documentos: - Anexo I: Certificación do acordo plenario. - Anexo II: Memoria do Plan (Só se solicita préstamo provincial) - Anexo XI: Informe sobre o nivel de endebedamento do concello
POS+PROVEDORES - Obrigatoria - Anexo III - Achega 2016 e 2017 (non préstamo)	O concello deberá presentar obrigatoriamente o seguinte documento cos datos das súas débedas con provedores nas condicións que se detallan na Base 2: - Anexo III: Informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores (No suposto de que non houbera provedores con estas condicións, deberá igualmente presentarse este documento, consignando a cantidade de 0,00 € na columna da dereita da última táboa deste Anexo III "Resumo das débedas que se imputan aos capítulos II e VI do orzamento municipal")
POS+ GASTOCORRENTE - Opcional - Anexo IV - Achega 2017	No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento do gasto corrente do concello previsto para o exercicio 2017, deberá cubrirse o seguinte documento: - Anexo IV: Informe sobre a previsión dos gastos correntes do concello para o exercicio 2017 asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios
POS+ OBRASSUM - Opcional - Proxecto e Anexos V-VI (VII-VIII) - Achega 2016, 2017 e préstamo 2017	No caso de aplicar achega provincial 2017 ou préstamo provincial 2017, para o financiamento de investimentos, deberá realizarse unha entrada por cada investimento cos seguintes documentos: - Proxecto técnico da obra ou prego da subministración - Anexo V: Informe técnico sobre o investimento - Anexo VI: Informe técnico–xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos No suposto de aplicar achega provincial 2016 para o financiamento de investimentos, terán que ser investimentos financeiramente sostíbeis e para cada un deles deberán cubrirse ademais os seguintes documentos: - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostíbel - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención
POS+HONORARIOS - Opcional - Anexo IX - Achega 2017	No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento de honorarios de redacción de proxectos, deberá cubrirse o seguinte documento: - Anexo IX: Informe da Secretaría sobre contratos adxudicados para a redacción de proxectos para cuxos honorarios se solicita financiamento
POS+ACHEGAS - Opcional - Anexos X (VII-VIII) - Achega 2016 e 2017	No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios, deberá cubrirse o seguinte documento: - Anexo X: Datos de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios No suposto de aplicar achega provincial 2016, terán que ser para investimentos financeiramente sostíbeis e para cada un deles deberán cubrirse ademais, os seguintes documentos: - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostíbel - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención
POS+AMORTIZACIÓN - Opcional - Anexo XII - Préstamo 2017	No caso de aplicar préstamo provincial 2017 para reducir débeda do concello con entidades financeiras, deberá cubrirse o seguinte documento: - Anexo XII: Datos da débeda con entidades financeiras a reducir con cargo ao préstamo provincial 2017
POS+COMPLEMENTARIO - Obrigatoria - Proxecto e Anexos V-VI-VII-VIII	O concello deberá obrigatoriamente solicitar no Plan Complementario investimentos financeiramente sostíbeis por un importe total mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada, para o que deberán cubrirse os seguintes documentos realizando unha entrada por cada unha dos investimentos financeiramente sostíbeis: - Proxecto técnico da obra ou prego da subministración financeiramente sostíbel - Anexo V: Informe técnico do investimento financeiramente sostíbel - Anexo VI: Informe técnico–xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostíbel - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención

Non se teñen que cubrir necesariamente as 8 convocatorias, senón só as que son obrigatorias (POS+SOLICITUDE, POS+PROVEDORES e POS+COMPLEMENTARIO) e as demais que opcionalmente decida solicitar o concello.